

O 18 de setembro de 1933 a nación galega era recoñecida no ámbito internacional pola Sociedade de Nacións, que incorporaba á delegación galega, presidida polo secretario de Relacións Internacionais do Partido Galeguista, Plácido Castro, no Congreso das Minorías Nacionais Europeas, un organismo xunto á Sociedade de Nacións.

Ese feito, en palabras do propio Plácido Castro, significaba a "proclamación oficial de Galicia como unha nación" e satisfacía unha das aspiracións políticas da I Asemblea Nazonalista Galega celebrada en 1918: o recoñecemento internacional de Galiza.

A universalización: eis a clave que, aínda hoxe, debe guiar a política galega, sobre todo se consideramos que a globalización está a configurar un novo

escenario internacional que, inevitablemente, rematará por alterar o papel e as funcións propias dos estados clásicos. Neste sentido, como sinala Xulio Ríos, director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), no seu libro *Nós no mundo: unha política exterior para Galicia*, "o afianzamento da propia identidade e a representación exterior son dúas caras dunha mesma moeda, e expresión contemporánea da única gobernanza posible nunha territorialidade democrática".

Un país no mundo


Galeguismo e Universalismo

ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

Neste sentido, para lograr ese obxectivo, cómpre pular a prol dunha acción exterior galega que desenvolva unha liña de accións tendentes a favorecer unha maior presenza internacional de Galiza, tanto no ámbito político como no cultural e no económico. Con todo, nesta liña de actuacións, Galiza non parte de cero; de feito, como sinala acertadamente Xulio Ríos, a acción exterior galega debe ter dous ámbitos de actuación preferente: o primeiro, a lusofonía, que nos abre as portas de países como o Brasil e de es-

pazos inéditos, como África e, aínda que sexa de xeito residual, China; e, o segundo, os espazos nos que é importante a presenza de colectividades de orixe galega, a diáspora galega. Precisamente, algunhas das estratexias que se deben desenvolver para acadar ese obxectivo son as que expón Xulio Ríos no seu libro, presentes no *Libro branco de acción exterior* do IGADI.

Cómpre, ademais, non esquecer que o galeguismo asumiu, dende as súas orixes, o universalismo e o europeísmo sen renunciar



aos sinais de identidade propios, uns sinais que lle permiten estar no mundo como nación. Velaí a razón pola que, nestes momentos,

abandonar os esforzos, moi tímidos e ben distantes dos que outras comunidades autónomas españolas -non só Cataluña e o País Vasco- teñen iniciado nos últimos anos, desenvolvidos nesta materia polos diferentes gobernos galegos, sería un erro irreparable para a supervivencia de Galiza como nación e, xa que logo, para o

futuro mesmo.
RÍOS, Xulio, Nós no mundo, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 20 €